

Antonio de Dios pídelo ao alcalde que explique aos veciños por que, mentres ten o municipio abandonado, se asigna 5.000€ de máis no soldo do concello

O voceiro do PSOE esíxelle ao rexedor de Meira “un maior rigor político e que centre os seus esforzos en solucionar os problemas dos veciños e non en intentar xustificar a súa deixación de funcións”

O alcalde, en abril, propuxo ao Pleno a modificación da súa dedicación exclusiva por unha parcial por importe de 15.000 euros anuais. Trátase dun retribución “a todas luces ilegal e excesiva”, pois a normativa reguladora para estes casos é clara ao determinar un tope máximo bruto de 10.000€; é dicir, un 33% menos da cantidade que se asignou directamente o rexedor

“Dixémolo a semana pasada: o Sr. Ramiro ten o concello *manga por hombro*. Non nos opoñemos a que volva á súa actividade laboral, o que nos opoñemos é á súa xestión e ás formas con que fixo o proceso. Ter esta dedicación parcial provoca que non só non ten a dignidade de dedicar o seu tempo ao concello, senón que é un exemplo claro de que emprega a entidade local dunha forma totalmente interesada e para o beneficio propio”, afirma

MEIRA, 30 DE XULLO DE 2014.- O voceiro do grupo municipal socialista de Meira –Antonio de Dios- pídelo ao alcalde deste municipio “un maior rigor político e que centre os seus esforzos en solucionar os problemas dos veciños e non en intentar xustificar a súa deixación de funcións”. Por este motivo, de Dios considera “que xa está ben. O Sr. alcalde, coa información publicada hoxe polos medios de comunicación, está intentando facer un lavado de cara propio. O que ten que explicar aos veciños de Meira son os motivos polos que non arranxa espazos públicos como o parque infantil, pero sen embargo si que destina os cartos públicos, por tanto, os cartos de todos os meirenses, a para poñerse un sobresoldo de 5.000 euros de máis ao ano”.

Concretamente, o rexedor, no mes de abril, propuxo ao Pleno a modificación da súa dedicación exclusiva por unha dedicación parcial, de tal xeito que esta se levará a cabo na porcentaxe correspondente a un 25% da xornada distribuída ao longo da semana, con carácter xeral, e fóra do seu horario laboral. Asimesmo, en dito acordo, tamén se fixan as retribucións anuais brutas distribuídas e 12 pagas mensuais e dúas pagas extras nos meses de xuño e decembro, todas elas de igual contía, asumindo a Corporación, a maiores, e se fose preciso, o pago das cotas da Seguridade Social.

“Un cheque en branco” para o rexedor

Dado que para os socialistas esta modificación supón “un cheque en branco” para o rexedor, no mes de maio presentaron, na Subdelegación do Goberno, un recurso de reposición contra o acordo do Partido Popular. E fixérono porque “a retribución que se marca é a todas luces ilegal e excesiva”, pois a normativa reguladora desta materia é clara ao determinar o tope máximo bruto para estes casos (concellos de menos de 5.000 habitantes) en 10.000 euros anuais; é dicir, “o rexedor asignouse directamente un 33% máis sobre o importe que estipula a lexislación vixente”, precisa o voceiro do PSOE.

“Dixémolo a semana pasada, e volvémoslo a dicir alto e claro: o rexedor ten o concello *manga por hombro*. Os socialistas non nos opoñemos a que volva á súa actividade laboral e, por tanto,

retribuída, o que nos opoñemos é á súa xestión e ás formas con que fixo o proceso. Ter esta dedicación parcial provoca que non só non ten a dignidade de dedicar o seu tempo aos veciños e ao concello, senón que é un exemplo claro de que emprega a entidade local dunha forma totalmente interesada e para o beneficio propio”, afirma o socialita.

A este respecto, Antonio de Dios indica: “o que lle esiximos é que se limite a xestionar os recursos municipais, que priorice o gasto xusto e útil porque, dende logo, xestionar non é incrementar así a nómina. O que lle ten que explicar aos veciños é por que ten o concello *deixado da man de Deus*; por que non hai cartos para reparar o parque infantil ou para contratar a unha persoa para a oficina de turismo pero, pola contra, si que os hai para que o alcalde se poida subir o soldo desta forma”.